

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.****ASUNTO: APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DA PRAZA DUN SOCORRISTA DE FOMENTO DO EMPREGO 2019 E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.****EXPEDIENTE: 2019/A008/000001.**

Ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2019 (DOG Núm. 6, do 9 de xaneiro de 2019), este Concello solicita unha achega para a contratación de 1 socorrista para o Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado.

O 13/05/2019 emítase pola administración autonómica escrito coa resolución de concesión dunha achega para a contratación dun socorrista, por un importe de 3.796.66 € para a realización do Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado durante un período de dous meses.

Mediante Decreto de Alcaldía nº 180 do 03/06/2019, aprobáronse as bases e a convocatoria para a contratación dun socorrista para a realización do Servizo de socorrismo da piscina municipal do Concello de Sobrado.

Tras a publicación do oportuno anuncio e a presentación no SPE de Melide da pertinente oferta de emprego, e unha vez transcurrido o prazo de presentación de instancias, a base terceira establece que a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as terá carácter definitivo no caso de non ter defectos que emendar.

Por todo o anterior, en virtude do disposto nos art. 20 e 29 do RD 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral do ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, e de conformidade e no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos/as e excluídos do proceso selectivo:

**Admitidos:**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
SANTOS FREIRE, SONIA	***0508**
PRADO VÁZQUEZ, DAVID EDUARDO	***2936**

**Excluídos:** Ningún/ha.

**SEGUNDO.-** Designar aos membros do Tribunal Cualificador que serán os seguintes:

**Presidente:** D. Jesús Ramón Varela García (Empregado público do Concello de Sobrado).

Suplente: D. Luís García Vázquez (Empregado público do Concello de Curtis).

**1º Vogal:** D<sup>a</sup>. Ana María Vallo Camba (Empregada pública do Concello de Boimorto).

Suplente: D. Luís González Guerra (Empregado público do Concello de Boimorto).

**2º Vogal:** D<sup>a</sup>. Marta M<sup>a</sup> Roca Souto (Empregada pública do Concello de Curtis).

Suplente: D. Jesús Sánchez García (Empregado público do Concello de Curtis).

**3º Vogal:** D<sup>a</sup>. Guadalupe Vázquez Ascariz (Empregada pública do Concello de Toques).

Suplente: D<sup>a</sup>. Mónica Seijas Rei (Empregada pública do Concello de Toques).

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. María Ermitas Sánchez González (Empregada pública do Concello de Sobrado).

Suplente: D<sup>a</sup>. Elena González López (Empregada pública do Concello de Sobrado).

**TERCEIRO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador para a súa constitución, o día **19 de Xuño de 2019, ás 09.30 horas**, nas oficinas municipais do Concello de Sobrado, ao obxecto de realizar a valoración de méritos da fase de concurso aos aspirantes.

**CUARTO.-** Publicar este decreto no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sobrado, aos efectos oportunos.

*Documento asinado electrónicamente.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Luis Lisardo Santos Arés (FECHA: 18/06/2019 10:06:00)

(FECHA: 18/06/2019 10:02:00) , Elena González López

Decreto Nº: 196/2019 - Fecha de decreto: 18/06/2019

versión imprimible

CVD: cMQcXtd46ekHTrIobfEK  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.